

A.G.H.  
82

AMENCER

Un amencer,  
unha raiola de sol  
pra enxugar as bágoas de orballada  
que choraron, na noite pecha,  
homes sin espranza.

Un amencer,  
unha enxurrada de luz  
pra alumiar as almas escuras  
que apagou, na noite pecha,  
un furacán de saudades.

Un amencer,  
un teito de música  
pra cobixar a marxinados e parados  
que anceiaban, na noite pecha,  
unha alborada de irmans.

Un amencer,  
un lostrego de vida  
pra alentar a emigrantes galegos  
que marcharon, na noite pecha,  
arrepuxados pola fame da Mai.

Un amencer,  
Unha lene brisa  
pra levar verbas de remordemento  
a xentes que, na noite pecha,  
engraxuman metralletas.

E pros meus trece anos, tamén  
un amencer,  
un despertar de libertades  
pra coller polo meu camiño  
toutereñando, na noite pecha.  
¡Dádeme vagalumes pra que non me perda!

"AZULES" - AMENCER  
13 Anos

MARIA DE GRACIA QUIROGA LABRADA

Colexio Público de Foz